



[Handwritten signature]

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por resolución da presidencia de data 23.03.2026, apróbase a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas, a composición do Tribunal e a data de constitución e de realización da proba de coñecementos xerais e específicos do procedemento selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego de administrativo/a, para prestar servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 041, do 20.02.2026).

A devandita resolución foi publicada no taboleiro de anuncios e páxina web da entidade o 24.03.2026.

Con data 25.03.2026 e número de rexistro de entrada 2026RT006159, Don Manuel Amable Trabado Trabado, nomeado vogal do Tribunal cualificador, presenta solicitude de abstención ao abeiro do disposto no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 30 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

Á vista da solicitude presentada, e apreciándose a concorrencia da causa de abstención alegada, procede acceder á mesma.

Polo que de conformidade con sinalado na base xeral 7.3 da convocatoria segundo a cal: “A presidencia da Deputación, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación. Esta resolución publicarase nos mesmos lugares que a anterior”, proponse á presidencia que, en uso das facultades conferidas no artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 54 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020), resolva:

1º.- Aceptar a abstención de don Manuel Amable Trabado Trabado, nomeado como vogal titular do Tribunal Cualificador do procedemento selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal de administrativo/a (BOP núm. 041, 20.02.2026), por concorrer a causa prevista no artigo 23.2.b) da Lei 40/2015.

2º.- Nomear vogal titular, en substitución do anterior, a don Sergio Castiñeira López, responsable coordinador/a xestión tributos concellos, na Sección de Informática Recadación da Deputación de Lugo, quen figuraba como vogal suplente. Así mesmo, nomear como vogal suplente a don Andrés García Rey, técnico de xestión na Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade da Deputación de Lugo.

3º.- Ordenar a publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público - RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

	IV7R6DRMZNF73ZFMSU4TAVRXEU	Fecha y Hora	06/04/2026 11:17:56
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6DRMZNF73ZFMSU4TAVRXEU	Página	1/2



Contra a presente resolución, non cabe recurso, sen prexuízo de que se poida formular recusación ao interpoñer o recurso que proceda contra o acto que poña fin ao procedemento.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

A PRESIDENTA,
P.D. Decreto de data 14-01-2026
O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,
P.S. A SECRETARIA-INTERVENTORA,

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7R6DRMZNF73ZFMSU4TAVRXEU	Fecha y Hora	06/04/2026 11:17:56
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6DRMZNF73ZFMSU4TAVRXEU	Página	2/2

